

# «A escola que virá»... Coa «pedagogía de antes»?


## Intervención de Philippe Meirieu en *Le café pédagogique* (17/04/2020)

Philippe Meirieu

Université Lumière, Lyon-2 (Francia)

[philippe.meirieu@orange.fr](mailto:philippe.meirieu@orange.fr)

Texto traducido por Antón Costa Rico



ISSN: 1132-8932

Páx. 10-14

A crise que atravesamos demostrou o carácter ridículo das profecías sentenciosas sobre o noso futuro. Certo; todo o mundo está de acordo en que vai haber «un antes e un despois», mais ninguén sabe de que madeira está feito este «despois». As análises multiplícanse para sinalar o carácter inédito do momento que vivimos, para pór de relevo que pon en causa todos os nosos hábitos e que require unha verdadeira refundación das nosas rotinas de pensamento e de decisión. Dísenos que todos os países, e en particular o noso, puxeron a saúde por diante do crecemento da economía; e o beneficio de todos por riba do beneficio dalgúns. Declárase que «mañá» iremos revalorizar as profesións que miran polas persoas, necesarias para a nosa supervivencia colectiva, na vez de continuar a exaltar «líderes» e a promover «os gañadores». Explicánnos que chegou o tempo de compartir con equidade os bens comúns, o que nos permitirá, logo, non «morrer nas augas xeadas

do cálculo egoísta» do que falaba Marx... Quixera crelo. Quixera estar certo de que nos diriximos, a escala planetaria, cara a unha maior solidariedade, entre as persoas e as nacións, cara a maior xustiza social e unha máis adecuada toma en consideración dos retos ecolóxicos maiores. Aínda que non creo que esteamos nesta partida...

Se hai unha realidade que os historiadores da pedagogía coñecen ben é, en efecto, a inmensa distancia – un grande foxo – que separa as declaracións de intención, xerais e xenerosas, das prácticas realmente postas en acción. «Formación para a autonomía», «dereitos da infancia», «personalización das aprendizaxes», «experiencia da fraternidade», «co-construción das prácticas», ... non acabariamos de inventariar estas nocións cuxa importancia é proclamada pomposamente, e que as institucións, por medo ou por nuga, por ausencia de inventiva ou inquedaanza diante do que podería escapárselles, poñen sistematicamente a distancia ou

acantoan cautelosamente nas marxes. Sabemos ben que precisamos un equipo mobilizado, cadros educativos que se arriscan e unha xerarquía que cerra os ollos, para interrogarse realmente sobre o que quere dicir todo isto en concreto e no día a día. O que pasa é que a coherencia entre as promesas sinaladas e as prácticas que se fan non é a regra, en ningún caso; representa, polo contrario, a excepción, infinitamente rara e por iso moi valiosa, que emerxe cando algunhas persoas ou grupos determinados se poñen a face-lo, poñendo na mesa un asunto profundamente subversivo e que malamente toleran os partidarios da 'desorde establecida'. *Mais, por que non se fai o que se anuncia?*

Permítaseme inquietarme, logo, e confesar que non sei o que quedará mañá das intencións do que hoxe se di que se vai facer. Que é o que se decidirá cando non esteamos tan pressionados pola inquedaanza, cando a memoria do confinamento sexa un pouco esvaída, e can-



do as desigualdades tan postas de manifesto hoxe polos sucesos que vivimos sexan de novo eclipsadas polo activismo diario? Temo que o descontrol da «saída» da crise nos faga esquecer o modo en como entramos nela, e que á «volta á normalidade» sexa, segundo a lóxica da máis forte pendente, unha «volta á anormalidade».

### «FACER A CLASE, TER CLASE» É ARTICULAR O COMÚN E O SINGULAR

De entrada, descoñezo por completo se, a pesar de todo o que puideron observar todas/os educadoras/es con respecto á cuestión da «continuidade pedagóxica», as nosas autoridades terán comprendido que o acto pedagóxico non é unha simple xustaposición de intervencións individuais, por máis axustadas que fosen, senón

máis ben unha construción, material e simbólica a un tempo, da Escola e do seu fundamento mesmo: aprender xuntos grazas á figura tutelar do profesor/a que, ao mesmo tempo, crea o común e acompaña a cada un na súa singularidade. Esta dialéctica entre o colectivo e o individual, a descuberta do que é o que os reúne e do que fai singular a cada un deles, é, en efecto, o que «fai Escola»: Pouco importa como me chamo e cal sexa a miña aparencia; eu estou nela tal como son, coas miñas dificultades e os meus recursos, nun grupo onde nos imos descubrindo pouco a pouco, e grazas aos mestres é como podemos compartir os nosos saberes e valores, o lugar no que aquilo que eu lle achego aos demais é tan importante como o que os outros me achegan a min, onde

aprendemos simultaneamente a dicir «eu» e a facer «nós».

Porque, eu creo que os ensinantes terán percibido moi ben, cando menos en medida apreciable, canto de importante é para «facer a clase» poder «facer a Escola»: instituír un espazo-tempo colectivo e ritualizado no que a palabra conta cun estatuto particular (con esixencia de precisión, de adecuación e de verdade), onde o todo non é reducible a unha suma das partes (cada un é importante mais o conxunto non é unha suma de individuos xustapostos), onde o ben común non é o conxunto dos intereses individuais (é o que os permite sobrepasar, o que permite a cada unha e a cada un ir alén de si mesmo)... Non pretendo dicir que sexa total e definitivamente imposible facer isto a través da telemática,

sobre todo se escapa dos voires dos Edtech. e dos GAFAM (Google, Amazon, Facebook, Apple e Microsoft) e cando se inscribe deliberadamente nunha economía contributiva, pero teño medo de que os recursos telemáticos hoxe dominantes sexan fundamentalmente portadores dunha lóxica individualista e tecnicista e que nós non logremos poñelos, sen unha formación adecuada, ao servizo da construción de verdadeiros colectivos. Aínda máis, temo que os intereses financeiros sexan tan fortes que nos conduzan, contra nós mesmos, cara unha concepción mercantil do ensino, na que cada alumno diante da súa pantalla e con indiferenza recíproca, consumirá información dixital en lugar de compartir saberes e aprendizaxes.

Por todo isto eu espero que na «escola de despois» non aceptaremos máis a redución tecnocrática da clase a exercicios programados e a axudas individuais prescritas a través de protocolos estandarizados. É por isto polo que eu querría que fosemos máis vixilantes que nunca diante das prescricións «científicas» que, aínda que veñan compac-

tadas co último grito en canto aos recursos dixitais e coas recomendacións das neurociencias, non por iso deixan de reproducir o vello modelo condutista do ensino individual programado onde o ensinante é considerado como un executor, no mellor dos casos e, no peor, como un obstáculo que o mundo dixital podería mesmo facer desaparecer un día máis ou menos próximo.

É tamén por isto polo que quero que reivindicemos, desde a educación infantil ata a educación superior, a posibilidade de poñer en práctica dispositivos pedagóxicos inspirados nas pedagogías cooperativas e institucionais, que lle permitan a cada unha e a cada un «ter o seu lugar» nun colectivo, é dicir, non ocupar «todo» o espazo, mais tampouco ser eliminado brutal ou subrepticamente. Por isto é polo que me parece esencial reafirmar que a Escola é unha «institución» que encarna os valores republicanos, e non un «servizo» encargado de satisfacer individualmente as demandas dos usuarios. E recordar, pois, que a «escola na casa» non é, non pode ser a Escola. Porque esta

é, xustamente, o que rompe coas desigualdades familiares e sociais, o que permite acceder á alteridade, a miúdo evitada ou vivida como unha agresión na casula familiar, o que lle dá a todos a posibilidade de acceder aos saberes «que se poden compartir ata o infinito», como dicía Fichte, isto é, capaces de facernos percibir que, máis aló das diferencias, todas e todos estamos convocados a participar na construción do común...

Seremos escoitados? Non o sei. Témoste que cómpre dicilo alto para saír da fascinación dos trebellos e interrogar os seus usos, para evitar que continúe a xestión tecnocrática, a «cultura do resultado» (cifrado, evidentemente!!) e a privatización rampante que é o seu corolario.

**«FACER A ESCOLA»  
NON É PROCLAMAR  
A IGUALDADE DE  
OPORTUNIDADES,  
SENÓN LOITAR POLA  
IGUALDADE DO DEREITO Á  
EDUCACIÓN**

Díxose de todas as maneiras: «o ensino a distancia fai crecer as desigualdades» porque retrotrae ás condicións sociais, fa-



miliares, culturais e psicolóxicas das familias. Evidentemente, isto non significa que a escola, baixo a súa forma tradicional, chegase a ter moito éxito na redución moi significativa das desigualdades – estamos moi lonxe –, nin que a ausencia de toda «continuidade pedagóxica», que indican as autoridades, tivese sido mellor co pretexto de non agrandar as desigualdades: en efecto, era preciso manter o contacto co maior número dos alumnos e alumnas, así como proporlles actividades para consolidar as súas adquisicións e estimulalos intelctualmente. O erro foi deixar crer sobre todo ao principio que este «ensino a distancia» podía permitir «levar adiante o programa», de tal modo que no reinicio das clases se puidese considerar que todo transcorrera normalmente e que se podía continuar como se non tivese acontecido nada. Esta ilusión apagouse axiña!!! Porque «o ensino a distancia» de camiño deixou ver os problemas, xa coñecidos, pero que agora se puideron ver e sentir, mesmo de modo cruel, por parte de todo o profesorado.

Cando o alumno non está diante e a interacción pedagóxica queda particularmente limitada, dámonos de conta de ata que punto é grave transformar os «obxectivos» en «requisitos». Temos unha grande tendencia nas nosas institucións a esquecer que a motivación, o sentido do esforzo, a autonomía ou a esixencia con respecto a un mesmo non poden ser requisitos no inicio dunha actividade pedagóxica, xa que son mesmo os obxectivos desa actividade, indisolublemente unidos á adquisición deses saberes. O feito de consideralos requisitos significa reservar a actividade pedagóxica aos que xa están «educados» e, preferentemente, «ben educados».

Así, pois, volve ser fundamental en todos os niveis académicos

que os e as ensinantes mobilicen os seus alumnos, que sosteñan o seu esforzo, que detecten o nivel de autonomía ao que un alumno pode chegar e permitirlle alcanzar a máis esixente consciencia sobre as súas aprendizaxes e as súas producións. Sabémolo. Sabemos que isto é asunto de profesionais expertos ante alumnos e alumnas concretas, de carne e sangue, cos que establecer unha verdadeira relación pedagóxica, que compromete á persoa enteira. Agora descubrimos que cando esta relación se fai aleatoria, descontextualizada, desinstitucionalizada, convértese de feito en limitación para poder supoñer adquiridas as capacidades que temos a responsabilidade de facer adquirir. Ogallá poidamos reter a lección e militar con obstinación para que a nosa Escola deixe de seleccionar sobre o que ela non atinxe a formar!! Está aí a única garantía de eficacia de todo esforzo de democratización!!!

Tamén descubrimos neste período de confinamento outra lección do ensino a distancia sistematizado, corolario da primeira e tan importante como ela: ante un alumno/a con grandes dificultades non é para nada útil aumentar a presión e imporlle sempre «máis do mesmo», coa confianza secreta de que terminará por ceder e acceder, a fin de contas, ao obxectivo pretendido. Non é que a tenacidade pedagóxica sexa sempre inútil: sen dúbida é necesaria, para o alumnado xa mobilizado e aplicado, pero un pouco lento e que teña necesidade de practicar... Polo contrario, é totalmente contraprodente para alumnos bloqueados e cos que hai que facer un rodeo, identificar os puntos de resistencia e detectar os puntos de apoio para propor non «sempre a mesma cousa» senón «outra cousa». Este é un traballo de experto, unha competencia profesional específica do ensinante

que analiza, no marco dunha interacción fina, as reaccións ás súas proposicións e consegue encaixar unha actividade sobre unha disposición para permitir superar un obstáculo...

Porén, como testemuñaron tantos e tantas docentes, esta posición pedagóxica é realmente difícil se non se traballa de modo presencial: require, en efecto, facerse cargo de informacións dificilmente adquiribles a distancia e poder decidir o mellor posible nun cara a cara construtivo, co risco, se non se fai así, de bascular nun corpo a corpo mortífero do «sempre máis».

Ogallá poidamos acordarnos disto cando «as autoridades» queiran encerrarnos na lóxica exclusiva do «repasso-posta ao día», considerándonos como simples provedores de exercicios e de fichas nunha progresión idealmente lineal que só vale para os «bos alumnos profesionais» e aínda así!! Sabemos agora que botarse fóra dunha visión tayloriana do traballo escolar é básico: a execución de tarefas, aínda que se faga con perfecto dominio, non constrúe de ningún modo o espírito investigador en relación co coñecemento e a cultura; corre mesmo o risco de prohibirlle este acceso a todos e a todas aquelas que non entreviran o que son o pracer de aprender e a ledicia de comprender...

Por todo isto, non se trata só de «darlle máis aos que teñen menos» senón de «dar mellor»: unha contorna arquitectural e cultural de maior calidade, situacións máis ricas e estimulantes, grupos de traballo cun tamaño que permita realizar mellor as actividades propostas, profesorado acompañado por unha formación continua de alto nivel, e capaz así de propoñer saberes mobilizadores, ao sinalar con claridade as súas expectativas, para non separar a aquelas e aqueles que espontaneamente



non estean en sintonía con ese profesorado.

Realmente, todo isto devólvenos a unha mesma problemática: coa man no corazón, imos continuar promovendo na «escola de despois» a «igualdade de oportunidades», sen preocuparse demasiado das condicións en que «se fai», ou ben sabermos poñer en práctica todo o que é mester para garantir a «igualdade do dereito de acceso á educación»? Non hai nisto unha simple diferenza de formulación, senón un cambio de paradigma que nos obriga a poñer en marcha políticas realmente diferentes en materia de integración social nos centros, de educación prioritaria, de bolsas de estudos ou de formación e de acompañamento dos docentes... Somos chamados a un importante cambio, que debería permitir crear verdadeiros lazos de confianza entre a escola e as familias máis distanciadas: daráselle medios e tempo aos ensinantes para isto? Recoñecerase a necesidade de descargar ao profesorado, de dispoñer para eles un espazo e un teléfono profesional, para que poidan realmente efectuar o seu labor de conexión e de contacto continuo co alumnado e as familias? É certo que é un investimento financeiro importante, mais a crise actual permitíranos comprender que este investimento representa, porén, unha economía considerable de considerarmos o que pode ser o fracaso escolar. É o tempo de cambiar as prioridades, e na vez de investir preferentemente nos centros de elite – que seleccionan antes de formar – darlle a prioridade aos centros de excelencia – os que forman antes de seleccionar –. Dicían os nenos de Barbiana na súa *Carta a unha profesora*, en 1967: «Non se comportaría a escola como un hospital, que para mellorar os resultados, coidara aos que

non o precisan, desfacéndose dos enfermos?»

### CONCLUÍNDO: A ESCOLA NUN ÁNGULO MORTO... POR CANTO TEMPO AÍNDA?

Nas numerosas contribucións que nos xornais «máis importantes» procuran expresar como será o «mundo de despois» a cuestión da Escola apenas aparece. Pero, hai que facelo. En primeiro lugar porque o que viven hoxe as e os educadores non se limita a un balance de perdas e ganancias; non sería digno. En segundo lugar, porque non haberá un «mundo de despois» diferente do que había «antes» máis que se a Escola ten protagonismo na súa construción.

Nunca tanto se falou de solidariedade: vaise promover, finalmente, unha real pedagogía da cooperación? Nunca tanto se evocou o ben común: imos ser finalmente conscientes de que para acceder á conciencia do ben común, non valen todas as prácticas pedagóxicas? Nunca tanto se falou dos coidados dos demais: vaise facer da axuda mutua un valor cardinal da nosa Escola, en substitución da competición mortífera? Nunca tanto se dixo que o noso porvir só poderá ser pensado coa dimensión da «Terra–de todos»: imos facer da ecoloxía un asunto distinto dun simple «suplemento espiritual» conectado daquela maneira aos programas canónicos?

Para todo isto será preciso ir máis alá do chanzo das ensinanzas e dos proxectos puntuais que dan a entender que se pode salvar o planeta ao introducir algúns enclaves virtuosos sen cambiar en absoluto as lóxicas produtivistas que nos conducen a un camiño sen saída. Habería que facer posible que os nosos nenos e nenas comprendesen que fixemos unhas determinadas eleccións, mais que existen outras alternativas.

Aínda máis: habería que permitirles poder facer a experiencia dun cambio radical da súa relación co mundo.

Cando a sociedade do mercado os seducía, ata estes días máis recentes, cun mundo - *magasin(store)* aberto a todos os caprichos, a nosa educación agora debe facerlles descubrir un mundo - tesouro, un espazo de investigación impresionante para a súa curiosidade. Cando os medios de comunicación lles mostraban esencialmente unha realidade que fascina, asombra ou mete medo e diante da que non cabe máis que resignarse, a nosa educación debe levarlos a interrogar, cuestionar e interpelar para constatar que nada, nunca, está totalmente decidido. Cando a sociedade os obrigaba a pertencer a un clan que lles procura identidade e seguranza, a nosa educación debe mostrarlles que a verdadeira bondade está na apertura á alteridade. Cando, por toda a parte, se lles aquelaba á orella que só podían atopar pracer no consumo desenfreado do que se esgota, a nosa educación debe demostrar diariamente que o verdadeiro pracer está en compartir o que non se esgota: as obras de arte e de cultura, os coñecementos e os saberes, a transmisión e a creación, ... todo o que pode multiplicarse ata o infinito, dado que ao acceder cada unha e cada un a ninguén outro llo prohiben e que cada quen que accede pode comparilo ata o infinito con outro. ■